

Océano Atlántico

Oia

CONCELLO OROSAL

www.orosal.gal/turismo

A Guarda



PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Petróglifos de Ghorghalado

Estes petróglifos son as representacións de arte rupestre prehistórico de maior tamaño coñecidas no Rosal. Ademais de polas súas dimensións, destacan pola grande profusión de gravados, máis de 300, e polo tipo de rocha no que se atopan.

Laxe do Lapón e petróglifos Alto da Campana

Podemos atopar estes dous vestixios arqueolóxicos na zona de Portecelo. Neles achamos gravados de círculos concéntricos, espirais, coviñas e un motivo serpentiforme.

Sepulcros antropomorfos

Trátase dunhas sepulturas cristiás dos séculos IV-V e escavadas na rocha, sendo unha delas de tamaño lixeiramente inferior á outra. Probablemente pertenceron a un matrimonio (co achado dunha ara romana epigráfica dedicada a Mercurio que hoxe se atopa depositada no Museo Diocesano de Tui).

Mina romana das Bornas

As Bornas é unha explotación mineira galaico-romana de ouro e casiterita (estaño). As explotacións propiamente ditas se estenden pola cabeceira do val, a ceo aberto e en subterráneo, dos que na actualidade hai identificados uns 3,5 km. de foxos e uns 300 m. de galerías subterráneas de até uns 35 m. de profundidade.

Castro do Pico da Bandeira

Este castro de grandes dimensións, con enormes murallas que reaproveitan formacións rochosas naturais, fosos e parapetos, de aproximadamente 6 ha., controla o val de Salcidos e o esteiro do río Miño dende o norte, sendo visible ao sur o famoso Castro de Santa Trega. O castro, ten forma de "globo" e presenta distintos socalcos, situándose na parte superior do mesmo (ao noroeste) a principal que sería a croa.



Petróglifos do Alto da Campana



Muíños do Folón

PATRIMONIO CIVIL

Muíños do Folón e do Picón

Conxunto de 67 muíños de auga, agrupados e aliñados en formación de fervenza (séc. XVII e XVIII). Están distribuídos en dúas vertentes aproveitando a pendente das ladeiras da Groba.

A ruta dos Muíños do Folón e do Picón transcorre a través de algo máis de 3 km. de camiños nos que conviven a natureza e o patrimonio. O conxunto forma unha harmoniosa paisaxe símbolo do esforzo e do traballo colectivo, declarado Ben de Interese Cultural (BIC) polo seu valor etnográfico.

Os camiños desta ruta de sendeirismo homologada están repletos de sorpresas: as cruces, iniciais e outras marcas gravadas na pedra, nas paredes dos muíños ou nos seus arredores fálannos de como era a vida dos nosos devanceiros. Uns tempos nos que estas construcións funcionaban día e noite para moer o gran e alimentar ás xentes do Rosal e da comarca. Ademais do valor histórico, etnográfico e paisaxístico desta contorna, a ruta dos Muíños do Folón e do Picón percorre espazos de interese natural como bosques autóctonos e de repoboación e franxes con exemplares típicos da vexetación de ribeira. Este lugar tamén agoga algunas curiosidades botánicas, como poden ser tres especies de plantas insectívoras, algunha delas protexida.

A serra do Pijorro

Este serradoiro e muíño acciónase pola auga do regato Padrón, sito no lugar do Cardal, xuradía de Marzán. Data tamén de finais do século XIX.

Ponte vella do Tamuxe

Símbolo heráldico do concello é do século XIX, construído sobre un anterior, quizais romano, da vía "Per loca marítima".

A Casa do Concello

Pazo do século XVIII, do que se di que é réplica dun palacete brasileiro.

Centro Etnográfico "Os Cabaqueiros"

Atópase preto da Praza do Calvario, no centro do Rosal. A súa exposición permanente ofrece un percorrido histórico a través dun oficio ancestral, o dos telleiros (cabaqueiros) rosaleiros e do Baixo Miño, considerados os herdeiros dos ceramistas romanos que ocuparon a comarca.

PATRIMONIO RELIXIOSO

Cruces, cruceiros e almiñas

O Rosal ten un importante patrimonio histórico-artístico de cruceiros, cruces e almiñas. Os cruceiros más antigos datan do século XVI. Un dos más importantes e artísticos é o dos Maios de Tabagón (s. XIX).

Igrexas e ermida

Igrexa de Santa Mariña (s. XII). A capela maior, de crucería gótica, é do século XVI. O altar maior, cun interesante retablo barroco, é do século XVIII.

A **igrexa de San Miguel de Tabagón** é do século XIV, sendo a súa fachada actual do XVII. En canto ás igrexas de **San Xoán de Tabagón** (1826) e a de **San Bartolomeu das Eiras**, que tamén se remonta ao século XII – sendo a feitura actual do 1791 – son obra de canteiros portugueses. Na actualidade existen no concello oito ermida: **San Sebastián** (coñecida como de Santa Ana - século XVI e reformada no XVIII);

San Vicente (s. XIV, moi reformada. Foi granxa do Mosteiro de Oia); **Sanxián** (s. XIII, en beiramar, foi do Mosteiro de Oia); **San Martiño** (s. XVI, tamén pertenceu aos monxes oienses); **San Xosé** (s. XVII, particular); **Santa Madalena** (segundo diversa documentación, do século XII); **San Gregorio de Pías** (s. XVI, foi do Mosteiro de Oia) e a ermida da **Virxe do Pilar**, en Martín (s. XVIII, particular, hoxe en ruínas).

PUNTOS DE INTERESE NATURAL

Árbores senlleiras

No **alto da Madalena**, atópase un conxunto formado por 4 **sobreiras**, das que destaca o seu gran porte e a singular disposición da súas copas. Estímaseles unha idade superior aos 400 anos.

O **magnolio de Tabagón** (200 anos - 17 m.) é o máis alto de Galicia e un dos máis grandes de Europa. A exuberante floración (entre febreiro e marzo) é un verdadeiro espectáculo de color.

Na adega Quinta Couselo son salientables uns **piñeiro mansos** de gran porte e uns 250 anos de idade.

Zonas de baño

O Rosal ofrece lugares apracibles onde pasar un bo anaco ao aire libre, tomar o sol ou a sombra con árbores para acubillarse, gozando á vez dun refrescante baño, tanto no río como en praia fluvial.

En **Portecelo e Sanxián**, a vila rosaleira ten unha pequena **costa rochosa** bañada polo **Atlántico**, onde podemos destacar a **praia dos Bolos** polo seu interese xeolóxico. En Santa Mariña temos, por exemplo, as fermosas zonas de **Fornelos, A Pesqueira, Araúxo, Urgal** ou as **Pozas da Cal**. En San Miguel de Tabagón, a **zona recreativa do muíño das Aceñas** ou a do **Tamuxe**. En San Xoán de Tabagón e nas **Eiras** teñen, tamén, diferentes e atractivas **praias fluviais**.

ENOTURISMO

Feira do viño do Rosal

O Rosal é unha subzona da Denominación de Orixe Rías Baixas, na que se inclúen viños coñecidos e recoñecidos internacionalmente. En terras rosaleiras atopamos adegas de grande antigüidade, con orixes medievais e vinculadas ao Mosteiro de Oia, pero tamén proxectos novos baseados na innovación.

A **Feira do Viño do Rosal**, que cada ano se celebra, durante unha fin de semana a mediados do mes de xullo na praza do Calvario, é unha magnífica ocasión para degustar as propostas das adegas locais así como outros produtos gastronómicos.

RUTAS E CAMIÑOS

O Rosal conta con dúas rutas homologadas de sendeirismo: a **Ruta Muíños do Folón e Picón** (PR-G 94) e a **Senda dos Pescadores** (PR-G 112) na que se pode gozar de áreas recreativas, bosque de ribeira, especies protexidas de flora e fauna e algunas mostras de arquitectura civil e industrial, como a Ponte do Tamuxe e as ruínas dun serradoiro próximo.

O concello ofrece a través de **wikiloc** rutas alternativas, e dispón dunha **cadeira Joëlette** (cadeira adaptada) para poder facer algúns percorridos. É necesario contactar co concello para realizar a reserva.

www.wikiloc.com

O Camiño Xacobeo Portugués da Costa

É un traxecto duns 3 km., paralelo e inmediato ao mar, no que atoparemos cruceiros, cruces e petos de ánimas como símbolos de tradición relixiosa dos nosos antepasados e historia dos nosos barrios.

En Portecelo, situados no lugar de "Laxe do Lapón", podemos observar un interesante conxunto de gravados rupestres da Época do Bronce.

TELÉFONOS

Concello	986 62 50 00
Policía Local	649 29 79 05
GES A Guarda	620 89 09 02
Guardia Civil	986 61 04 52
Centro de saúde	986 62 60 35
Urxencias sanitarias	061
Taxis	639 84 82 09
Auditorio	986 62 63 11
Biblioteca	986 62 54 07
Urxencias	112

Foto sobreiras da Madalena ponte do tamuxe e as aceñas: © Óscar Martínez Troncoso

